

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E A ASOCIACIÓN DE COLABORACIÓN Y PROMOCIÓN DEL SORDO (ACOPROS), PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO PARA ESTABLECER UN SERVIZO DE ACCESIBILIDADE INTEGRAL Á INFORMACIÓN E Á COMUNICACIÓN PARA PERSOAS XORDAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

**DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia das actuacións que a Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo ten previsto desenvolver durante o ano 2025 para establecer un servizo de accesibilidade integral á información e á comunicación para persoas xordas con recursos de apoio á audición e á comunicación. no exercicio 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

As persoas xordas forman un grupo moi heteroxéneo en función das súas características individuais e do sistema de comunicación utilizado. Actualmente un 97% das persoas xordas comunica en lingua oral, utilizando maioritariamente prótese auditivas, pero aínda así teñen múltiples barreiras de comunicación por ambientes ruidosos e interferencias no teléfono entre outros. O 3% comunica en Lingua de Signos e necesita da interpretación para acceder á información.

A través dos recursos tecnolóxicos actuais póñense a disposición equipos e sistemas que facilitan a accesibilidade á información auditiva que se transmite na contorna, son os medios de apoio á comunicación oral, sistemas de frecuencia modulada, bucle magnético e subtulado. A través destes recursos benefíciense tanto as persoas xordas que comunican en oral como as usuarias de Lingua de Signos .

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo é a única entidade de iniciativa social e



de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega este programa, adaptado as necesidades individuais de cada persoa usuaria..

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa exclusividade, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

